

LINGUA GALEGA E LITERATURA

2º PARCIAL, 3ª AVALIACIÓN

3º ESO

Nome e apelidos:

Curso e grupo:

Data:

1. Completa o seguinte texto con *conque, con que, haber, a ver, por que, porque, porqué, se non e senón*. 1 PUNTO.

Non debería _____ tantos inconvenientes para conseguir o noso obxectivo _____ non é tan difícil como parece, _____ poñámonos a traballar, _____ se o conseguimos. Algunhas persoas preguntánnos o _____ do que queremos facer; nós dicímolles que non se trata só dunha cuestión laboral, _____ tamén de principios. _____ nos cren, dáme igual. _____ lle temos nós que explicar nada a ninguén? Non sei _____ propósito fai a xente algunhas preguntas. _____ se nos deixan xa en paz.

2. Subliña todos os pronomes persoais no seguinte texto e clasifícaos segundo o seu tipo, persoa e número. 2 PUNTOS.

– Eu non iría con esas intencións, dese xeito que vas ti.

– Ti non sabes como está. Ela necesita esperanza, precisamente. Para me aturar a min e a si mesma. Quere ser feliz, comprendes? Se non fose por O. estou seguro de que xa nos teriamos deixado. Ti xa sabes como é Luísa.

– Xa a coñezo. Estiven namorado dela; quizais non che falaría diso... Non o quería lembrar, pero...

| | PRONOMES TÓNICOS | PRONOMES ÁTONOS |
|--------------------|------------------|-----------------|
| 1ª PERSOA SINGULAR | | |
| 2ª PERSOA SINGULAR | | |
| 3ª PERSOA SINGULAR | | |
| 1ª PERSOA PLURAL | | |
| 2ª PERSOA PLURAL | | |
| 3ª PERSOA PLURAL | | |

3. Substitúe o subliñado polos pronomes átonos que corresponda e fai as contraccións precisas. Fíxate na acentuación do verbo unha vez que fagas as substitucións. 1 PUNTO.

- Contei a ti unha historia de medo.
- Dixen ás miñas amigas a verdade.
- Presta a túa irmá o libro de lectura.
- Concedín a miña nai o desexo.
- Recordaron a nós o acontecemento.
- Compraron a min o teléfono móbil.
- Enviei a vós un correo electrónico.
- Compraron a eles o coche.

4. Completa con *te* e *che* segundo corresponda e fíxate na acentuación do verbo. 1 PUNTO.

- Alugaron___ o piso en Vigo?
- Agardo___ na casa de meus pais para xantar.
- Collin___ copiando no exame.
- Desexo___ as mellores vacacións do mundo.
- Recoñecin___ en canto ___ vin.
- Compraron___ o libro para que ___ puxeses a ler dunha vez.

5. Segmenta as seguintes formas verbais nos seus constituíntes. Faino como fixemos en clase, utilizando as siglas pertinentes. 1,5 PUNTOS.

- conseguisen:
- aturarei:
- compramos:
- cantabas:
- temeras:

6. Analiza morfoloxicamente as formas verbais do exercicio anterior (persoa, número, tempo e modo). 1,5 PUNTOS.

7. Indica a forma verbal que corresponda. 1 PUNTO.

- 2ª persoa de singular do presente de indicativo de *fuxir*:

- 1ª persoa de plural do presente de subxuntivo de *facer*:

- 3ª persoa de plural do antepretérito de indicativo de *dicir*:

- 3ª persoa de plural do presente de indicativo de *servir*:

- 1ª persoa de singular do pretérito de *dar*:

8. Indica cales son as causas de que, independentemente de todos os avances do galego no eido cultural durante o século XIX, o castelán siga penetrando na sociedade galega. 1 PUNTO.